

Así foi o primeiro trimestre

Facémosvos chegar este documento, que recibiredes cada trimestre, co que pretendemos contarvos o máis destacable que tivo lugar ó longo destes meses. Esta información é o complemento da reflexión levada a cabo polos vosos fillos/as no boletín 'as novas da escola' que eles mesmos elaboraron.

Lembrede que tedes máis información, acompañada de fotografías, na **páxina web** do centro <http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino> (no recanto de INFANTIL 2), nela poderedes atopar a totalidade dos traballos realizados, que como observaredes son moitos máis dos que levan no seu dossier trimestral para casa, e dos que aquí se comentan, así como unha explicación máis detallada de cada un deles.



Comezou o curso coa **incorporación de novos compañeiros/as de tres anos e dun novo compañeiro de 5 anos** que en moi pouco tempo se integraron no grupo. Nestes **primeiros días de clase** refixemos os rexistros, organizamos o material, exploramos a aula e o centro, creamos as bandexas para a merenda e inaugurámoslos novos buzóns persoais... para que o alumnado se fixera consciente do seu papel na aula, aportase ideas e as compartise cos compañeiros/as.

Entre estas primeiras tarefas tivo un papel relevante a elaboración das **normas da aula**, a través da cal empregamos o aspecto **funcional da lecto-escritura e as potencialidades expresivas do seu corpo**, ó empregar as súas fotografías

como 'actores' para a súa creación.

Mantivemos este curso unha a celebración dos **cumpreanos** en ámbalas dúas aulas de infantil, **cociñando unhas tartas de cumpreanos**, feitas polos compañeiros/as que cumpriran anos en cada mes, traballando coas receitas e empregando novamente a funcionalidade da lecto-escritura.



Cada día levamos a cabo unha serie de **rutinas e rexistros** encamiñadas a traballar varios aspectos, entre estes rexistros atopamos: o encargado, o calendario, o cómputo de compañeiros/as que viñeron á aula ou quedaron na casa, o tempo meteorolóxico... O **calendario** tamén nos serviu como referente do **uso funcional da serie numérica**, xa que lles permitiu contar os días que restaban ata determinados feitos relevantes que terían lugar.

Cada venres, mantivemos o **préstamo de libros da nosa biblioteca de aula**, empregando dunha forma funcional a lecto-escritura e a serie numérica, facendo o rexistro de cada libro usando o ordenador de forma autónoma, **cunha ferramenta web que podeades atopar no recanto de infantil da web**, e que de seguro os vosos fillos e fillas estarán encantados de explicarvos como funciona.



Participamos tamén nunha serie de tarefas de forma conxunta cos compañeiros e compañeiras da outra aula, entre elas retomamos a **lectura de libros por parellas**, co obxectivo de que o alumnado establecese diálogos, acordos e solucionase os conflitos xurdidos cos compañeiros e compañeiras en cada ocasión.

Co fin de **afondar no descubrimento do código escrito** no proceso de aproximación á lecto-escritura do alumnado, respectando sempre o seu ritmo madurativo, iniciamos este ano unha tarefa complementaria que foi a elaboración dun dicionario individual a través do **'muro das palabras'**, que permitiu levar a cabo unha reflexión sobre o uso funcional do código, empregando unha aplicación informática complementaria que poderedes atopar tamén no recanto de infantil da web do centro, onde tamén atoparedes unha explicación máis pomenorizada deste traballo que levaremos a cabó ó longo de todo o curso.





Coa chegada do **outono descubrimos, exploramos e probamos diferentes foitos do outono**, elaborando un dossier personal de preferencias que atoparedes entre os traballos dos vosos fillos. Como colofón creamos unha gráfica no corredor cos resultados dos gustos de cada un.



Tivemos tamén a nosa propia **vendima en infantil**, xunto os compañeiros da outra aula, investigando e anticipando os diferentes pasos para levala a cabo, e como unha forma de achegamento á un elemento tradicional da cultura galega.

Participamos na celebración do **Samaín** e do **Magosto** e asistimos a unha sesión de **contacontos** organizadas no centro.

Iniciamos neste trimestre o noso primeiro gran **proxecto de investigación do curso**, neste caso sobre '**como se fixo o mundo**'; un tema que xurdiu na aula xunto outros, e que foi elexido de forma democrática. Para levar ar cabo este proxecto, que remataremos ó longo do segundo trimestre, solicitamos a vosa colaboración como fonte de información. Agradecemos o interese e participación que estades a ter ó longo de todo o proxecto. Con estas investigacións, máis aló dos contidos específicos que se puidesen adquirir, que son en todo caso secundarios, buscamos que os nenos/as adquiriran



estratexias de busca de información, plantexamento de preguntas, formulación de hipóteses, traballo en grupo, plasmación e verbalización do aquirido, reconstrucción das ideas previas coa chegada de novos 'descubrimentos'. Todo este proxecto terá a súa plasmación nun **mural e nun dossier**, que levarán para casa unha vez rematado, así como outra serie de actividades que se levarán a cabo e que os converterán en verdadeiros investigadores. Invitámosvos a **facer un seguimento deste proxecto e do proceso do mesmo na web** do centro no recanto de infantil 2, e que o comentedes cos vosos fillos/as o que se sinala nos diferentes artigos



publicados.

Exploramos a natureza recollendo obxectos da mesma para deixar voar a creatividade e crear obras artísticas, das que atoparedes un claro exemplo na postal de nadal que, elaborada e enviada por eles mesmos chegará por correo ás vosas casas. Os **cambios que se producen na natureza** tamén nos serviron para o desenvolvemento dos pilares de pensamento, formulando hipóteses, anticipando consecuencias e contrastando as teorías a través da experimentación. Neste senso recomendámosvos que consultedes a experiencia publicada na web do centro sobre 'por que está o patio de cor branca' e a **experimentación que levamos a cabo coa auga e o seu cambio de estado a xeo**, de seguro que os vosos fillos vos contarán esta experiencia polo miúdo.



Coa chegada do **Nadal** ademáis de preparar as nosas actuacións para o **Festival de Nadal** e elaborar tódolos elementos que precisariamos para elas, participamos na '**exposición de portas de Nadal**' organizado no centro. Tamén creamos unha **postal que enviamos por correo** para recibir nas propias casas, e 'montamos' o **taller de Santa Claus** na aula, no cal deseñaron diferentes **adornos de Nadal a partir de material de refugallo** (botes, briks, vasos...) e que empregamos para decorar unha árbore do patio e a nosa árbore da aula.

Novamente na web do centro atoparedes, nuns días, a descrición e explicación de todas estas experiencias.

Deste modo, coa elaboración por parte dos vosos fillos/as do boletín 'As novas da escola', onde levaron a cabo unha reflexión de todo que traballaron ó longo destes meses, rematamos este primeiro trimestre.

Boas festas a todos e todas.

Decembro 2013